

# OS MAIOS 2019

## **BASES**

### **Primeira.-**

A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o **Concurso OS MAIOS**, que se realizará o *mércres 8 maio de 2019*.

### **Segunda.-**

Poderán participar no Concurso tódolos monfortinos que o desexen.

### **Terceira.-**

O tema tratará sobre calquera tipo de Maio.

### **Cuarta.-**

Os Maios sairán a percorrer as rúas da cidade libremente e xuntaranse na Praza de España ás 17:30 horas, onde se interpretarán as coplas.

### **Quinta.-**

Criterios de valoración do xurado:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade e os materiais utilizados.

### **Sexta.- PREMIOS.**

Os premios serán por participación e terán todos unha contía de 75€.

### **Sétima.-**

O xurado do concurso estará composto por:

**PRESIDENTE:** A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

**VOGAIS:** Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

**SECRETARIO/A:** O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

### **Oitava.-**

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos mediante vales para a compra no comercio local, estes establecementos en ningún caso poderán exercer a súa actividade mediante a fórmula de C.B.

O prazo máximo para facer efectivo os vales será dun mes a partir da súa recepción.

### **Novena.-**

As solicitudes para a inscrición dos maios, así como as coplas deberán presentarse para a participación no concurso no Rexistro Xeral do Concello de Monforte. O último día de presentación destas será o 7 de maio antes das 14:00 h